

INTERVENCIÓNS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL NOS RÍOS ULLA E UMIA

PROXECTO MIGRANET "OBSERVATORIO DAS POBOACIÓNS DE PEIXES MIGRADORES NO ESPAZO SUDOE"

PROXECTO COFINANCIADO POLO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL DO ESPAZO SUDOESTE EUROPEO A TRAVÉS DE FONDOS FEDER DA UNIÓN EUROPEA.

Presentación

O obxectivo do proxecto MIGRANET é configurar unha estratexia de cooperación conxunta na obtención de datos sobre peixes migradores que permita coñecer o estado de conservación das súas poboacións, as presións existentes que actúan sobre elas comprometendo a súa supervivencia, e prever futuros escenarios de cambio ante as alteracións climáticas e non climáticas. Para acadar este obxectivo, creouse un Observatorio das poboacións de peixes migradores do Espazo SUDOE que vele pola súa conservación e recuperación.

Así mesmo, púxose en marcha unha rede de control formada polos ríos Ulla e Umia en Galicia (España), o Nivelles en Aquitaine (Francia) e o tramo internacional do Minho na rexión norte de Portugal. Esta rede está a dotarse do equipamento necesario (estacións de captura e contadores de peixes), e nela se harmonizan ferramentas de obtención de datos das poboacións de lamprea, anguía, sábalo e saboga, salmón e a forma migradora da troita común.

Obxecto e actividades das intervencións de voluntariado ambiental

Coa celebración destas intervencións de voluntariado preténdese promover a participación en xornadas de actuación sobre presións locais significativas nos ríos Ulla e Umia de Galicia. Así mesmo, esta rede de voluntariado servirá para aumentar o grao de concienciación social respecto da conservación dos peixes migradores e do seu hábitat e divulgar o proxecto.

Así, realizaranse itinerarios guiados polos ríos Ulla e Umia para coñecer máis de cerca a migración dos peixes, os obstáculos existentes, as zonas de desova e de repouso, a súa alimentación, etc. Para iso, facilitarase aos participantes diversos materiais educativos como pequenas guías para o traballo de campo.

Destinatarios:

As intervencións de voluntariado do proxecto MIGRANET ofrecen unha opción de participación ambiental a todas as persoas interesadas maiores de 18 anos. No seu conxunto, estas actuacións son un espazo idóneo para a educación, a comunicación e a acción socio-ambiental directa.

Lugar e Datos de realización:

- Río Umia (27/07/2012)
- Río Ulla (23/07/2012)

Ambas intervencións inclúen:

- Seguro de responsabilidade Civil
- Transporte e comida

Condicións xerais

- Os participantes deberán levar roupa e calzado adecuado.
- A inscrición é gratuíta.

Organiza:

- Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con" da Universidade de Santiago de Compostela (EHEC-USC).

Colaboran :

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Xunta de Galicia)- Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
- Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia – Norte de Portugal (F. CEER).

Máis información en: www.migranet.org.es

Inscrición: contacta coa Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con". Tel.: (+34) 986.565.640. Fax: (+34) 986.503.543. E-mail: ehescusc@usc.es

PROGRAMA- INTERVENCIÓNS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL EN GALICIA

RÍO ULLA (23/07/2012)

- 9:00 h.** Recepción de participantes (fronte á Facultade de Bioloxía. Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n. Campus Vida. Santiago de Compostela).
- 9:30 h.** Saída en autobús dende Santiago de Compostela ate o Centro Ictiolóxico de Ximonde, no río Ulla.
- 10:15-10:30h.** Chegada e distribución de materiais
- 10:30-14:00h.** Visita guiada ao Centro Ictiolóxico e ás instalacións de captura de peixes migradores de Ximonde.
- 14:00-15:00 h.** Comida.
- 15:00-17:30 h.** Visita guiada as instalacións para paso de peixes migradores de Couso (O Xirimbao).
- 17:30 h.** Regreso en autobús a Santiago de Compostela.

RÍO UMIA (27/07/2012)

- 9:30 h.** Recepción de participantes (Porto de Vilagarcía de Arousa, zona TIR).
- 10:00 h.** Saída en autobús dende Vilagarcía de Arousa ate a Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con".
- 10:15-10:30 h.** Chegada e distribución de materiais.
- 10:30-14:00h.** Visita guiada ás instalacións da Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con" e conferencia do Dr. Fernando Cobo sobre a "Bioloxía dos peixes migradores".
- 14:00-15:00 h.** Comida.
- 15:00-17:30 h.** Visita guiada á trampa de captura de xuvenís de peixes migradores instalada no río Umia (Pontearnelas).
- 17:30 h.** Regreso en autobús a Vilagarcía de Arousa.
-